

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA NOVE DE NOVEMBRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
 D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
 D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
 D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día nove de novembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e cinco de outubro do ano que andamos, que logo de corrixir no punto 2.8 de concesión de licenza a dona Margarita Devesa Cardelle, onde di “Dáse conta.....en solo rústico de protección forestal (R-3)....” por “dáse conta.... en solo rústico de protección agrícola”, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 1720/11 de dona María Digna Orosa Carpinteiro.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 160 metros de lonxitude, no lugar de Afós, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o eixe do vial municipal en solo rústico; garantirase o natural discurrir das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (#99,55#).

2.2.- Instancia núm. 1505/11 de dona M^a. Carmen Antúnez Mera.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, expón que con data 27/11/2007 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Francés (131/2007), e rematadas as obras de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia e no 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, solicita a concesión da licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros.

2.3.- Instancia núm. 1573/11 de dona Celia Cutrín Casal.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a colocación de portal de acceso á finca afirmado en dous postes metálicos, en Cornado en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 m. de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, e as posibles servidumes da parcela. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e tres euros con doce céntimos (#23,12#).

2.4.- Instancia núm. 1712/2011 de don Constantino Pérez Fernández.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede, solicita licenza para proceder á parcelación e agrupación das parcelas nº 464 e 465 da concentración parcelaria de Ribadulla, situadas en San Gregorio, en solo de núcleo rural (N-1) e solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2.5.- Instancia núm. 1730/11 de don David Espiño Iglesias.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para proceder á parcelación da finca nº 1023 dos planos do acordo de concentración parcelaria de Vedra, situada na Avd. M. M. Gómez Lorenzo, en solo cualificado no PXOM como urbano residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2) en dúas parcelas resultantes de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2.6.- Instancia núm. 1468/11 de don José Luís Do Santos Canabal

De seguido dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra solicita licenza para a ampliación da estabulación situada en Fufín, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N1); nº Plantas 1; Altura máxima da cornixa 3,15 m. segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Juan Hermida Vázquez cun orzamento de 48.144,15 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

Primeiro.- Á vista do disposto no punto 1, parágrafo terceiro da Disposición transitória décimo primeira.- Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serrañoiros existentes, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, que establece: “As construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural citadas que existían á entrada en vigor desta lei, para a súa regularización, deberán aboar no concello respectivo o imposto municipal de construcións, instalacións e obras.

Vista a memoria valorada presentada para os efectos acórdase aprobar a liquidación do imposto municipal correspondente, para proceder á regularización prevista nos termos da documentación que se xunta, que ascende á cantidade de cento cincuenta e sete euros con noventa e sete céntimos (#157,97#).

Segundo.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e deberá colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de novecentos sesenta e dous euros con oitenta e oito céntimos (#962,88#).

2.7.- Licenza de parcelación de dona Trinidad Vila Liñares.

En relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o nove de novembro de dous mil dez, a dona Trinidad Vila Liñares para proceder á parcelación da finca nº 355 do plano de concentración parcelaria de Trobe “Viña do Monte” situada en Bazar, en solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) e solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, en catro parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro, a Xunta de Goberno acorda:

O terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total de vivenda situada en Xián -San Pedro de Sarandón

Dáse conta da citada instancia na que Don Manuel Fernández Ferro con domicilio no número 21 do lugar de Xián (San Pedro de Sarandón), solicita a declaración de incursión en situación legal de fora de ordenación total para unha vivenda unifamiliar situada no lugar de Xián (San Pedro de Sarandón), nos termos da documentación que se acompaña firmada por Aurora M^a López Barrós, en calidade de Arquitecta.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fora de ordenación total da vivenda unifamiliar con referencia catastral: 000302900NH43C0001HR, sita no lugar de Xián (San Pedro de Sarandón) nos termos da documentación presentada para os efectos.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil oitocentos noventa euros con nove céntimos (#1.890,09#).

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

4.1.- Instancia núm. 1485/11 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Acondicionamento de viais en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila* do POS 2010 (Importe 4.197,00 euros).

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

4.2.- Instancia núm. 1507/11 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Mellora do firme dos viais municipais* (Importe: 2.321,69 euros)

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

4.3.- Instancia núm. 1508/11 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Ampliación de saneamento en Paradela* do POS 2010 (Importe 4.525,86 euros).

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

4.4.- Instancia núm. 1524/11 de Construcciones Lemos Martínez, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Victor M. Martínez Rodríguez, en representación de Construcciones Lemos Martínez, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Mellora e acondicionamento de parques infantís*, incluída na 1ª fase do *Plan Especial de Parques Infantís 2009 da Deputación Provincial* (Importe: 3.034,54 euros)

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

4.5.- Instancia núm. 1643/11 de Electricidad Cruceiro, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don José M. Varela Carregal, en representación de Electricidad Cruceiro, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Ampliación da rede de alumado en Sarandón, Fornelos e Argunte* (Importe: 2.890,72 euros)

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de novembro do ano que andamos, pola que se dá conta do cumprimento dos seguintes trienios : Vanesa Crespo Souto (2º); Iván García García (2º) e Jesús Fernández Pereira (4º) con efectos do 01/11/2011.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de novembro do ano que andamos ordénase a continuidade como animador-sociocultural de don Iván García García para o período 2011-2012.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitud de axuda para situacións de emerxencia social.

Dáse conta do escrito núm.1752/11 no que don José Noenlle Laya, con domicilio en Avda. M. M. Gómez Lorenzo nº 34-1º, solicita unha axuda de emerxencia social en concepto de mantemento habitabilidade da vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de seiscentos (#600,00#) euros.

6.2.- Escrito núm. 1718/11 de don Miguel Picón Álvarez

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Albela de Arriba - Santa Cruz de Ribadulla, expón que é titular da licenza de taxi nº 10 do concello, e que por cese na actividade está interesado en transferirlle á titularidade da citada licenza a favor de don Eloy J. Iglesias López, polo que solicita que se lle conceda o cambio de titularidade.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos.